

4 ANOS
SEXTA SEMANA! IMOS ALA!

LUNS, 18 DE MAIO

1º RUTINAS

2º LETRAS GALEGAS

COMO BEN SABEDES, ONTE CELEBROUSE O DIA DAS LETRAS GALEGAS E, O PERSOEIRO HOMENAXEADO ESTE ANO FOI RICARDO CARVALHO CALERO.

DESTE MODO, ADXUNTO O ENLACE DA BIBLIOTECA PARA QUE PODADES FACER AS ACTIVIDADES RELACIONADAS CON ESTA CELEBRACION QUE PROPOÑEMOS PARA TODOLOS NENOS/AS DO COLE:
<http://lectorinvaladouro.blogspot.com>

ANIMO!

MARTES, 19 DE MAIO

1º RUTINAS

2º ROSA CAMELO

HOXE TRABALLAMOS CO CONTO NOMEADO *ROSA CAMELO* DA EDITORIAL KALANDRAKA, ESCRITO POR ADELA TURIN E ILUSTRADO POR NELLA BOSNIA ASI QUE... “OS OLLOS BEN ABERTOS, AS ORELLAS BEN ABERTAS E A BOCA BEN PECHADIÑA”.

FACILITOVOS O **ENLACE:**

http://kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33&pagina=12#PD_Sandra%20Senra%20-%20Rosa%20caramelo

E, AGORA UNHAS PREGUNTAS:

- **AS ELEFANTAS COMIAN FLORES EN VEZ DE FROITOS RICOS COMA OS ELEFANTES. POR QUE?**
- **QUE LLE PASABA A MARGARIDA? QUE LLE DICIAN PAPA ELEFANTE E MAMA ELEFANTA?**
- **QUE FIXO AO FINAL MARGARIDA? E, AS DEMAIS ELEFANTAS?**
- **AO REMATE, PODIANSE DISTINGUIR OS ELEFANTES DAS ELEFANTAS OU VIANSE TODOS IGUAIS?**

ADEMAIS, TENDO EN CONTA QUE NESTE CONTO OS PROTAGONISTAS SON ANIMAI, IMOS REPASAR AS PEGADAS DALGUNS ANIMAI DA FAUNA GALEGA DOS QUE FALAMOS NA AULA.

LEMBRADES A QUE ANIMAL CORRESPONDE CADA UNHA? ANIMOVOS A LIGAR CADA PEGADA CO NOME DO ANIMAL CORRESPONDENTE! (*A RESPOSTA ESTA EN COR NEGRO)



CABALO



COELLO

CORZO

COELLO

CABALO

PORCO



CORZO



PORCO



PAXARO

GATO



GALIÑA

PAXARO



RA

RA

GALIÑA



GATO



OSO



LOBO

OSO

LOBO

CAN

XABARIL



XABARIL



CAN

MERCORES, 20 DE MAIO

1º RUTINAS

2º O MEU CORPO

TENDO EN CONTA QUE NO CONTO SE FAI REFERENCIA A ALGUNHAS PARTES DO CORPO DOS ANIMAIS (PEL, OLLOS, PESCOZO, PATAS)... IMOS TRABALLAR CO NOSO CORPO.

PROPOÑO DIVERSAS ACTIVIDADES (ELIXIDE A/S QUE MAIS VOS GUSTEN)

- PARA CONTAR:

- **CANTOS DEDOS TES NUN PE? E, NOS DOUS?**
- **CANTAS DEDOS TES NA MAN? E, NAS DUAS?**
- **CANTAS BARRIGAS TES? E, EMBIGOS?**
- **CANTOS COBADOS TES?**

- PARA ESCRIBIR:

- **POR QUE PARTE DO CORPO ESCOITAMOS?**
- **POR QUE PARTE DO CORPO VEMOS?**
- **POR QUE PARTE DO CORPO SABOREAMOS?**
- **POR QUE PARTE DO CORPO ULMOS?**
- **A MIÑA PEL E...**

- PARA MOVER:

- **XIRA A CABEZA CARA O LADO DEREITO / AGORA CARA O ESQUERDO**

- **MIRA PARA ARRIBA / AGORA PARA ABAIXO**
- **FLEXIONA OS XEONLLOS 5 VECES**
- **XIRA O NOCELLO 3 VECES / AGORA O OUTRO**
- **PARA ELIXIR:**
 - **O MEU CABELO E LOURO / MORENO / CASTAÑO / RUBIO**
 - **O MEU CABELO E LONGO / CURTO**
 - **O MEU CABELO E RIZO / ONDULADO / LISO**
 - **OS MEUS OLLOS SON AZUIS / VERDES / MARRONS / NEGROS**
 - **O MEU PESCOZO E LONGO / CURTO**
- **PARA COMPARAR:**
 - **SON MAIS ALT@ QUE... / SON MENOS ALT@ QUE... / SON IGUAL DE ALT@ QUE...**
 - **SON MAIS PESAD@ QUE... / SON MENOS PESAD@ QUE... / SON IGUAL DE PESAD@ QUE...**
 - **A MIÑA PEL E MAIS / MENOS / IGUAL SUAVE QUE...**
- **PARA MEDIR:**
 - **CANTOS PALMOS TEUS MIDE -O QUE QUEIRADES-?**
 - **CANTOS PES TEUS MIDE -O QUE QUEIRADES-?**
 - **CANTOS CENTIMETROS MIDE O TEU BRAZO? / E A TUA PERNA?**
- **PARA DEBUXAR:**
 - **DEBUXA A SILUETA DA TUA MAN / AGORA DO TEU PE**
- **PARA PINTAR:**
 - **PINTA UN MURAL COAS MANS / AGORA COS PES (CON TEMPERAS, ROTULADORES...).**

XOVES, 21 DE MAIO


1º RUTINAS

2º ROSA, GRIS E OUTRAS CORES

POSTO QUE NO CONTO SE FALA DO ROSA E DO GRIS... IMOS TRABALLAR CON CORES!


- **PRIMEIRO: FACEMOS CIRCULOS DE DIFERENTES CORES CON PAPEL DE CORES / CARTOLINAS / PAPEL PINTADO CON CERAS, ROTULADORES...**
- **SEGUNDO: XOGAMOS A XOGOS DE MESA E FACEMOS SERIES A PARTIR DOS CIRCULOS QUE FIXEMOS (ELIXIDE O/S QUE MAIS VOS GUSTEN)**

- **3 EN RAIA**



- **SERIES**


EXEMPLO 1:




EXEMPLO 2:



- **DOMINO: PEGANDO OS CIRCULOS DE CORES EN TARXETAS DE CARTOLINA. EXEMPLO:**



- **PARELLAS. EXEMPLO: ELIXIMOS 3 CORES E, PEGAMOS DOUS CIRCULOS DE CADA UNHA EN DUAS TARXETAS DIFERENTES. DESPOIS, POÑEMOS AS 6 TARXETAS BOCA ABAIXO E, IMOS LEVANTANDO DE DUAS EN DUAS. SE FACEMOS PARELLA DESCARTAMOLAS E, SENON SEGUIMOS LEVANTANDO TARXETAS. OLLLO, E IMPORTANTE FIXARSE ONDE ESTA SITUADA CADA COR PARA FACER TODALAS PARELLA NO MENOR NUMERO DE LEVANTAMENTOS POSIBLE!**



VENRES, 22 DE MAIO

1º RUTINAS


2º QUE SABES DOS ALIMENTOS?

TENDO EN CONTA QUE OS ELEFANTES COMIAN FROITOS SABOROSOS E AS ELEFANTAS ANEMONAS E PEONIAS... IMOS FALAR DOS ALIMENTOS.


A CONTINUACION, PROPOÑO DIVERSOS XOGOS E EXEMPLOS (OS CALES VOS CONVIDO A VARIAR E, A ELIXIR / DIMINUIR / AUMENTAR SEGUNDO AS VOSAS PREFERENCIAS).

***A RESPOSTA ESTA EN COR NEGRO**


- **DESCARTA CAL NON PERTENCE A ESTE GRUPO (O IDEAL E FACELO CON IMAXES DE ALIMENTOS REAIS EXTRAIDAS, POR EXEMPLO, DOS FOLLETOS DO SUPERMERCADO -SE NON TEDES SERVEN DEBUXOS- E “GOLPEAR” CUNHA PALETA O ALIMENTO QUE NON PERTENCE AO GRUPO)**



- **ENGADE 1 / 2 / 3 MAIS QUE PERTENZAN A ESTE GRUPO (O IDEAL E FACELO CON IMAXES DE ALIMENTOS REAIS EXTRAIDAS, POR EXEMPLO, DOS FOLLETOS DO SUPERMERCADO -SE NON TEDES SERVEN DEBUXOS- ONDE OS NENOS/AS PODAN VELOS TODOS E IR COLLENDO CUNHAS PINZAS O CORRESPONDENTE EN CADA CASO)**



- **ADIVIÑA DE QUE ALIMENTO SE TRATA A PARTIR DAS SEGUINTES PISTAS (O IDEAL E COLOCAR IMAXES DE TRES POSIBLES ALIMENTOS –EXEMPLO PARA O PRIMEIRO CASO: LEITE, IOGUR, AUGA- PARA QUE OS NENOS/AS VAIAN DESCARTANDO AO ESCOITAR AS PISTAS ATA ADIVIÑAR A RESPOSTA CORRECTA)**



FINALMENTE, UNHAS **CANCIONS QUE RECOMENDA O **PROFE DE INGLES**:**

HELLO SONG ABCS 123S FOR KIDS – DREAM ENGLISH KIDS

https://www.youtube.com/watch?v=GFSa0_r0fll

WEATHER SONG FOR KIDS: THE SUN COMES UP! – DREAM ENGLISH KIDS

<https://www.youtube.com/watch?v=XcW9Ct000yY>

WAKE UP! DAILY ROUTINES SONG FOR KIDS – DREAM ENGLISH KIDS

<https://www.youtube.com/watch?v=eUXkj6j6Ezw>

AGARDO AS VOSAS MENSAXES!